

DE MEL

Comezamos o ano 2014 co anuncio de que Túnez reconecerá na súa Constitución a igualdade entre mulleres e homes. A Carta Magna tamén contemplará o principio de paridade entre homes e mulleres nas asembleas eleixidas en votacións. Se ben esta conquista estará, como nas sociedades occidentais, matizada por unha realidade na que a discriminación se resiste a desaparecer, non podemos deixar de celebrar que o sector máis conservador do partido islamista que domina a escena política tunecina tivese que pactar cos representantes laicos un acordo que porá fin a prácticas como a asignación da tutela de fillas e fillos só aos homes, ou o reparto desigual das herdanzas, que otorga aos varóns o dobre que a mulleres co mesmo grao de parentesco..

En xuño de 2013 o Tribunal Supremos de EUA declarou inconstitucional a chamada Lei de Defensa do Matrimonio (DOMA), que recoñecía dereitos federais só aos matrimonios heterosexuais. Ata agora, as parellas lesbianas ou gays casadas nos estados que o permiten legalmente, tiñan obstáculos a hora de que un dos conxuxes tivese que herdar, cobrar pensións, ou enfrontarse ás leis de inmigración, entre outros asuntos. Edie Windsor, viuva lesbiana de 83 anos, non só gañou o seu recurso ante a Corte Suprema estadounidense, senon que abriu unha porta de dereitos e esperanza para as persoas LGTB doutros estados onde aínda non teñen recoñecido o dereito ao matrimonio.

Para ler...

Quiero mi vida

Carmen Novo Colldefors. Edicións Carena.

Pilar, despois de varios anos de matrimonio con José, dáse conta de que non está satisfeita coa súa vida. Tratará de cambiala buscando un traballo, pese á oposición do seu marido, home autoritario e machista, co que comezan os enfrontamentos, aos que non son alleos a súa filla María e o seu fillo Gonzalo, que se verán ás veces confusos pola situación que atravesan os seus pais. Ao redor de Pilar xiran as persoas da súa vida cotiá: familiares, amigas/os, veciñas/os, compañeiras..., que teñen os seus propios problemas.

Pilar, polo seu carácter xeneroso e complacente, pasará por experiencias, en ocasións, inesperadas. A loita pola igualdade non lle resultará nada fácil, como a tantas mulleres que ignoran a importancia dos modelos herdados dun pasado do que non saben como desprenderse.

Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros

María Xosé Queizán (Autora). Ana Santiso (Ilustradora) Editorial Xerais

«Emilia Pardo Bazán nace cun don: a curiosidade, o afán de saber. É filla única e os seus amigos van ser os libros. Le todo o que encontra, incluso os papeis de envolver as pedras de azucre...»

María Xosé Queizán convidanos a percorrer a época en que viviu Pardo Bazán e achéganos a súa vida e obra dunha maneira sinxela e entretida. O volume inclúe unha cronoloxía e unha escolma de textos que completan a biografía da gran narradora e pensadora galega.

Sete Caveiras

Elena Gallego Abad. Editorial Xerais

Cando a xornalista Marta Vilas descobre o cadáver dun motorista aboiano en augas do porto vigués do Berbés, non pode imaxinar que o pequeno xoguete que o seu asasino agochou no peto do morto está a piques de mudarlle a vida. Aquel click, das primeiras series da desaparecida Famobil, é o único fio que parece unir este asasinato co do garda civil rescatado por un pesqueiro de Cangas. E cos cadáveres que, ao longo dos días seguintes, irán aparecendo na ría de Vigo. Pero ningún máis o sabe. Para a xornalista, apartada da sección de Sucesos por diferenzas co redactor xefe do seu diario, descubrir a identidade do criminal convértese nunha obsesión. Aínda que nunca poderá contar todo o que sabe. Trepidante e por momentos divertida, Sete Caveiras fía unha serie de asasinatos en escenarios reais con sinalados acontecementos dos anos oitenta.

Para escoitar...

“Co Xenio destrozado” Sés


o xenio destrozado, o novo disco da galega María Xosé Silvar (A Coruña 1983). Coñecida como Sés. É un traballo feito con orgullo da súa identidade, frescura e vitalidade, que pretende concentrar en 12 cancións viscerais e apaixonadas a potencia do directo.



“Nas tardes escuras”. Narf

Libro cd “Nas tardes escuras”, co que se rinde homenaxe a Rosalía de Castro, interpretando e musicalizando os seus poemas.

Na publicación, coa que se continúa a homenaxear a autora galega da que se cumpriron 150 anos de “Cantares Gallegos” faise unha interpretación desta obra cunha linguaxe electrificada do rock, cunha visión contemporánea e enérxica dos textos da poetisa e completa as súas páxinas con ilustracións asinadas polo debuxante Fausto.



E FEL

Se algo aprendemos da historia dos dereitos das mulleres, é a fragilidade das conquistas, sempre inconclusas. A nosa historia recente exemplifica claramente a rapidez coa que se pode recuar en dereitos. Aos gobernantes actuais só lle falta afirmar que tiñamos dereitos por riba das nosas posibilidades... Así, desde o ano 2012 o estado español ten retrocedido 12 puntos no índice global de igualdade de xénero do Foro Económico Mundial, baixando do posto 12 ao 26 a golpe de decreto do Partido Popular no goberno.


O caso do dereito ao aborto é un claro exemplo de ata onde estamos retrocedendo, e de cómo non é só a crise económica o que está detrás das decisións políticas que se están a tomar. O cambio de modelo ideolóxico non só pretende acabar coa promoción da igualdade de xénero, senón que a alternativa cara a que encamiña a moitas mulleres é o reforzamento do modelo de domesticidade feminina: son as mulleres as que, co noso traballo non remunerado non fogar, facemos fronte aos servizos públicos que se privatizan ou se deixan de prestar. O prezo a pagar é a perda da autonomía económica para moitas mulleres e a extensión da pobreza feminina presente e futura.

Para ver...

“WADJDA”

“La bicicleta verde”.

Haifaa Al-Mansour. A primeira muller que dirixe unha película en Arabia Saudí.



A película baséase na vida dunha sobriña da directora. Wadjda ten dez anos e vive nunha sociedade tan tradicional que certas cousas como ir en bicicleta está absolutamente prohibidas. Wadjda desexa ter unha bicicleta para poder competir co seu amigo Abdullah nunha carreira, pero a súa nai non lle permite porque as bicicletas son un perigo para a dignidade dunha rapaza.

“La vie d’Adèle”

Abdelatif Kechiche

Conta a historia de Adèle, una rapaza de 15 anos que non ten dúbidas sobre que un rapaz debe saír sempre cunha rapaza, pero cando coñece a Emma, unha rapaza de cabelo azul, os seus sentimentos e identidade sexual tornáranse confusos e someteranse a un



xuízo de valores por parte da súa familia e amigos. Adèle descubrirá o que é ser adulta nunha sociedade na que non se acaba de comprender a súa orientación sexual.

“Tomar el escenario”

Elena Idoate

O documental “Tomar El Escenario” de Elena Idoate (Barcelona). Un documental



sobre presencias e ausencias das mulleres na música alternativa.

Cantigas de mulleres -

Cantigas de Mulleres é unha colección de 17 fermosas cancións interpretadas por grandes artistas da escena musical galega, cun amplo abanico que vai dende as novísimas Sonia Lebedinsky ou Sés, deica a veterana Señora Carmen. Un disco que se engade á colección “Cantigas” do selo Fol Música e que reivindica o talento, a creatividade e a forza cultural das mulleres galegas na música.



Informa

marzo 2014 N° 3

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Dep. Legal: OU 60/97

CLAVES FEMINISTAS PARA UNHA SOCIEDADE ENFERMA

8 de marzo 2014
DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES



Manifesto 8 marzo 2014

“Claves feministas para unha sociedade doente”

Material coeducativo

Información sobre o calendario “Mulleres no tempo, tempo de mulleres”, actividades para o 25 de novembro e 8 de marzo e sobre as exposicións que temos para Infantil, Primaria e Secundaria

Colaboración

Catro anos de *Galería Mulleres*

Marcha Mundial das Mulleres

Agosto 2013: IX encontro Internacional da MMM en Sao Paulo

Lei do aborto

Rexeitamos o anteproxecto da lei do aborto

10 de maio: Xornada - Encontro da Asemblea de Mulleres

De MEL e FEL

Para ver

- Wajda
- La vie d’Adèle
- Tomar el escenario

Para ler

- Quiero mi vida
- Emilia Pardo Bazán: unha nena seducida polos libros
- Sete Caveiras

Para escoitar

- Co xenio destrozado. Sés
- Nas tardes escuras. Narf
- Cantigas de mulleres

www.stegsindicato.org/muller/

stegmuller@stegsindicato.org

MANIFESTO 8 DE MARZO DE 2013: Claves feministas para unha sociedade doente

*“A adopción do réxime da desigualdade non é nunca froito da deliberación, do pensamento libre, dunha teoría social ou dun coñecemento reflexivo dos medios de asegurar a felicidade humana ou de establecer a boa orde na sociedade e o Estado”. Así xustificaba un home a **senrazón** do patriarcado en 1869.*

O feminismo non tería razón de ser se a desigualdade,a discriminación e a consideración devaluada das mulleres non existisen nunca; pero, do mesmo xeito que o abolicionismo xurdiu da escravitude, a loita de clases da opresión do proletariado, as declaracións de independencia do sometemento duns pobos sobre outros, o feminismo xorde como resposta ao atropelo pertinaz e constante dos dereitos das mulleres polo patriarcado, como ideoloxía cultural e polas súas múltiples manifestacións nos distintos ámbitos sociopolíticos de todos os tempos.

O que supón un alegato á igualdade entre homes e mulleres segue espertando, aínda hoxe, entre homes, e tamén entre mulleres, unha barreira de precaución e ata de rexeitamento que desemboca en frases como as que oímos nos últimos tempos: *“pero que queredes máis?,” “Estou a favor da igualdade, pero eu non son feminista”,* ou ata nos ámbitos da ignorante douta xerarquía eclesiástica, traspasando os límites da súa competencia: *“o feminismo supón un paso no proceso de deconstrución da persoa”*. A proba máis degradante e cruel desta consideración que destas declaracións se deriva son as 1.211 mulleres asasinadas nos últimos 17 anos polas súas parellas ou ex parellas. ¡Non hai palabras nin argumentos que poidan rebater estes!

Hoxe, 8 de marzo, día das mulleres de todo o Planeta, mostramos o noso rexeitamento a todas aquelas posturas e a quen se arrogan a misión de rexeitar o Feminismo baixo argumentos e interpretacións erróneas, ignorantes e malintencionadas. O descoñecemento da súa xenealoxía, da súa traxectoria e da súa fundamentación non os desculpa, pero revoga a súa argumentación ante a xustiza dos seus fins.

Nestes momentos, a causa feminista volve revitalizarse. Perante as pretensións deste goberno conservador, aferrado a valores patriarcais xa superados por ser demostradamente discriminatorios cara á muller, usurpador dos dereitos das cidadás, e fermentado na moral católica máis inquisitorial, precísase dunha resposta contundente por parte das mulleres coñecedoras dos seus dereitos, da súa historia e do esforzo con que os conseguiron.

As consecuencias da reforma laboral; a ausencia de políticas contudentes na loita contra a violencia de xénero; as modificacións “lingüísticas”no código penal, que osan chamar violencia doméstica ao que é unha agresión ás mulleres polas súas parellas ou exparellas; as trabas para acceder á xustiza, cando no 85 % dos casos de procesos matrimoniais é a muller quen o demanda; o abandono por parte do Estado das persoas dependentes, relegando esta responsabilidade a quen tradicionalmente se ocupou diso; o refugallo da rede pública de asistencia a mulleres maltratadas; a dilación

10 de maio: Xornada-Encontro da Asemblea de mulleres

O 10 de Maio en Lugo teremos unha xornnada formativa sobre igualdade e coeducación con ponentes como Belén Regueiro e Lola Ferreiro.

Ademáis este Encontro queremos que sexa unha ocasión para coñecernos máis e poñer en común aqueles aspectos que nos

e o menosprezo por equiparar os permisos parentaisqueposibilitantantoa dispoñiñibilidade das mulleres para o ámbito laboral como o desenvolvemento da autonomía afectiva e práctica dos homes; a tolerancia social cara a quen se arrogan a verdade moral á hora de emitir xuízos persoais e valorativos sobre quen son diferentes; a usurpación do dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo e o momento da súa maternidade; a condescendencia coa brecha laboral e salarial que fai que as mulleres gañen o 23% menos no posto de traballo; o fariseísmo de quen din defender a vida de quen aínda non é, mentres que permite desaloxar a mulleres coa súa proxenie, tamén cos seus non nados, dos seus fogares, desposuíndoas dun teito onde lamber a súa dignidade ferida; o despotismo, nin tan sequera ilustrado, co que actúan baixo o cetro da maioría absoluta; a adición coa que mangonean normativas mundiais sobre igualdade de xénero para crear expectativas positivas que sirvan de adormideira á poboación; a hipocrísia coa que mudan consignas coeducativas internacionalmente recoñecidas por prexuízosos xeitos de diferenciar a educación de mozas e mozos. Estes son os novos e vellos agravios cos que as mulleres de 2014 nos atopamos, pero asumímolos como retos que, desde o convencemento, imos superar. Diante de tanta afronta, a Asemblea de Mulleres do STEG, no día de hoxe, 8 de marzo de 2014, manifesta:

- Que as mulleres feministas estamos dispostas a loitar contra todo sistema que pretenda arrebatarnos os dereitos que a loita histórica, o esforzo das nosas antecesoras e a conciencia nos outorgou de xeito xusto.

- Que non permitiremos que o noso corpo nin as nosas vidas sexan o campo de batalla electoral de quen son desertores da xustiza humana.

- Que a nosa bioloxía non nos condiciona para ser exclusivamente nais e que temos dereito á sexualidade, a decidir libremente sobre a nosa maternidade e ao control do noso corpo.

- Que non toleraremos que ningún goberno impoña as súas opinións morais sobre o que compete á nosa liberdade de conciencia e á nosa vida.

- Que reivindicamos o valor do Feminismo, como teoría crítica da sociedade que defende a equidade efectiva e legal entre mulleres e homes, e que se opón á irracional e artificiosa visión establecida da realidade.

- Que as leis promulgadas sen consenso, e polo tanto turbadoras da paz social, son papel mollado que saberemos encauzar para o seu derrocamento.

- Que é necesario transformar o compoñente de poder que actualmente segue imponéndose nas relacións entre homes e mulleres como froito do patriarcado.

Somos conscientes de que o Feminismo revolve demasiados baluartes de poder e excesivos intereses persoais, políticos e sociais, pero estamos convencidas de que as claves feministas son unha solución á sociedade doente que agonía cada día.

preocupan.
O horario será de 10:00 a 18:00h, xantaremos todas xuntas e haberá servizo de gardería e obradorios para as nenas e nenos.

Animádevos a participar!!!

Inscripción:stegmuller@stegsindicato.org

COLABORACIÓN CATRO ANOS DE GALERÍA MULLERES

En marzo do 2010 naceu “Galería Mulleres”, do Concello de Muxía, co obxectivo de visibilizar a aportación da muller a ámbitos nos que tradicionalmente apareceu infrarrepresentada.

Outros obxectivos son a erradicación de prexuízos machistas ou misóxinos; o cambio de estereotipos sociais; promoción da *Biblioteca da Muller* (integrada na Biblioteca Municipal); e destacar o labor da muller na cultura galega.

Como xurdiu a idea?A preocupación pola visibilización das mulleres levounos a buscar algo que puidera manterse no tempo, cun custe practicamente cero,que non dependera de subvencións nin orzamentos. E atopamos unha fórmula sinxela: dedicar cada mes a unha muller da forma que máis chega á xente: a través da imaxe. Repartimos,cada mes ,carteis con información e a imaxe dunha muller para espertar interese por ela.

A forma de seleccionar a protagonista varía. Ás veces a actualidade fainos escoller unha muller, ou seguimos o noso interese, e unhas lévannos ás outras. Por exemplo, dende Frida Kahlo chegamos a Remedios Varo, ou a Leonora Carrington, que nos leva a Helena Poniatowska. Coma nunha experiencia de sororidade as mulleres van da man unhas das outras traendo á luz ás súas compañeiras.

É unha experiencia enriquecedora e, ás veces, chegamos a emocionarnos lendo sobre as protagonistas- lembro a Syra Alonso, a María Miramontes, ou a Käthe Kollwitz...-.Atopamos mulleres inxustamente silenciadas, con obras magníficas que dificilmente atopamos nos libros de arte,coma Camille Claudel, ou Lola Mora. Mulleres marabillosas que rematan a súa vida no esquecemento máis absoluto e incluso na pobreza. Ou que foron recoñecidas no seu tempo e logo ignoradas pola historia. E mulleres que construíron o mundo, e o noso país, de Rosalía de Castro a Maruxa Mallo, pasando pola fisterrá Celia Rivas.

Galeria Mulleres forma parte desas cousas que dan satisfacción no traballo; estas mulleres déixannos cada mes unha impagable lección de vida e indagar sobre elas é un agasallo para quen fai este programa e é unha vía de aprendizaxe .Agardamos que tamén o sexa para quen a sigue.

E vai tendo repercusión. Unha das accións derivadas foi a mostra no IES Ramón Caamaño cos carteis da Galería para conmemorar o 8 de marzo.

E remato cunha anécdota que pasou no meu despacho. Teño na parede una morea de carteis da Galería Mulleres. Un batallón de mulleres que recibe a quen ven visitarme.

Unha muller,de moita idade ,achegouse a falar comigo. Mirou a parede con todos aqueles rostros e díxome: - *Pobriñas, que son, desaparecidas, non?*

Eu explíqueille, pero ela seguiu cun aceno de mágoa no rostro. A frase da muller podería parecer graciosa, de feito, nun primeiro momento fíxome sorrir, pero logo deixoume pensando que tiña razón ,que en certo xeito son desaparecidas, e que entre todos e todas temos que facer que aparezan , que ocupen o lugar que se merecen na memoria colectiva, nos libros de texto, na sociedade ...pois de feito son piores que dende as súas diferentes vidas construíron o mundo, que o melloraron ou loitaron por facelo, que nos deixaron obras fermosas e das que día a día seguimos aprendendo.

Viky Ribadulla, Técnica de Cultura do Concello de Muxía e responsable do programa *Galería Mulleres*

MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES AGOSTO – 2013: IX ENCONTRO INTERNACIONAL DA MMM EN SAO PAULO

Desde que comezou o IX Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres, as militantes reunímonos en debates para chegar a acordos sobre os desafíos e os sentidos políticos da construción do movemento. O programa do Encontro dividiuse en dous espazos. Un no cal as delegadas internacionais discutíamos as estratexias para a próxima Acción Mundial, no 2015, e a elección do novo Secretariado Internacional e o segundo nas tendas e talleres, nos que as militantes de Brasil e de América Latina realizaban paneis simultáneos explicativos para avanzar nas discusións e estratexias de acción e resistencia.

O Encontro comezou coa Conferencia

Rexeitamos o anteproxecto de lei do aborto

A Asemblea de Mulleres do STEG vese na obriga de reiterar publicamente o seu total desacordo coa proposta de regulación do aborto que o pasado 20 de Decembro presentou o Ministro de Xustiza.

As razóns do rexeitamento a esta reforma e ás falaces argumentacións que para xustificala esgrime o Ministro son variadas, constatadas na realidade e, o máis importante, apoiadas por amplísimos sectores sociais.

Os dereitos das persoas non deben ser arrebatados por ningún goberno no poder, nin poden depender das arbitrarias crenzas persoais ou relixiosas de grupos ou persoas concretas, de maneira que a concepción do *pecado* cristián non pode lexitimarse nin traducirse como *delito* para o conxunto dunha sociedade plural, rexida por un estado democrático e aconfesional como é o caso do Estado español.

Os dereitos das mulleres á dignidade, á honra, á intimidade, ao libre desenvolvemento da liberdade e á integridade física son dereitos humanos que se manteñen durante toda a súa vida; non se pode atentar contra eles en ningún período e, menos, durante o embarazo.

Non se pode antepoñer, como fai o anteproxecto de reforma da lei, a protección xurídica do non nado aos dereitos fundamentais das persoas, neste caso das mulleres, en tanto que se considera legalmente que só a partir do nacemento alguén é titular de dereitos, como estableceu claramente a Sentenza 53/1985 do Tribunal Constitucional.

O dereito a decidir e controlar a propia fertilidade incumbe ao dereito de igualdade de homes e mulleres recollido na aceptada normativa internacional e nacional, como a Conferencia Mundial de Dereitos Humanos de 1993, a Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento (CIPD), a IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Beijing, 1995) e a Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller de 1999. Negar este dereito é, pois, violar toda esa normativa internacional e nacional e atentar contra o dereito á igualdade entre homes e mulleres.

Impoñer a maternidade contra o desexo da muller mediante unha lei restritiva non evitará a interrupción do embarazo, senón que se converterá en causa dunha maior morbilidade-mortalidade, como a experiencia e as estatísticas teñen demostrado.

Esta reforma non responde a unha demanda social; en cambio xera un conflito de dereitos inexistente na actualidade e rompe o amplo consenso con que contou a actual lei, que ten ao seu favor unha moi maioritaria aceptación en amplísimos sectores da cidadanía.

As mulleres que nalgún momento deciden interromper un embarazo non son incultas, depravadas, nin seres antisociais,como desde certos

diferentes países que participábamos do Encontro.

Tamén contamos no IX Encontro con militantes doutros movementos integrados e/ou aliados coa MMM, para coñecernos e aportar as súas experiencias e coñecementos. A integrante do Comité Executivo de Amigos da Terra Internacional (ATI) e de Redes-AT Uruguay, Karin Nansen, foron unhas delas presentaron o interesante taller para as galegas: “Mulleres en loita contra a mercantilización da natureza”.

Nunha mesa na que se denunciou como os megaproectos, que se apropian e degradan os bens naturais, tamén impactan máis intensamente sobre a vida das mulleres, tamén se centraron na explicación e denuncia da función real que cumpre a denominada “Economía Verde”.

Buscamos contemplar a nosa riqueza de sotaques, rexións, cores, sabores e ritmos, envolvendo todas as rexións do Brasil e os

+info: http://encontrommm.wordpress.com/

sanitario que as atenda. A nova regulación empuxa ás mulleres a sufrir estas condicións e atenta contra a súa saúde física e mental.

Non é digno trivializar a decisión dunha interrupción de embarazo, e por conseguinte, a muller que decide esta opción debe ser considerada con todo o respecto social e o apoio estatal que merece unha persoa humana, responsable e consecuente consigo mesma e única que sabe o que sente neste proceso.

A defensa do dereito á vida convértese en burla á cidadanía cando a proclaman aqueles que fan dos conflitos bélicos un negocio; aqueles que asisten impasibles á matanza de persoas vivas en países en guerra; aqueles que permiten os desafuzamentos ou vetan as medidas que poderían resolvelos, sen teren en consideración o dereito das persoas a unha vivenda, sen importarlles a idade, circunstancias, estado de saúde ou situación de necesidade que poidan ter as persoas afectadas.

A violación é unha das circunstancias máis amargas e traumáticas que unha muller pode ter que afrontar. Facer a denuncia en determinadas circunstancias non é asunto fácil, pero menos aínda se, como pretende o Ministro, se impón o deber taxativo de denunciar para poder acceder legalmente a unha interrupción do embarazo. Semellante formulación é máis propia dos torturadores na inquisición que dun estado democrático construído coa vontade e os impostos das súas cidadás e cidadáns libres.

Non nos gustaría pasar por alto a tremenda crueldade misóxina e o desprezo persoal contra as mulleres que contén este anteproxecto de reforma ao establecer que a toda muller que, pasadas as 22 semanas, teña a necesidade de pór fin ao seu embarazo, non poderá practicárselle un aborto, senón que deberá dar a luz por parto inducido. Isto implica someter as mulleres a partos dolorosos e arriscados para a súa saúde física e psíquica, incrementando a situación traumática que para moitas supón, xa de seu, pasar por este proceso. Talvez se inspire a reforma na literalidade bíblica e pretenda castigar a todas as Evas con aquel “parás con dor” con que foi reprimida a rebeldía da primeira muller...

Perante a teimuda persistencia deste goberno en arrebatarnos ás mulleres dereitos conseguidos, temos que dicir que nos negamos a que os nosos impostos sosteñan a quen nos agride institucionalmente e a quen nos nega a dignidade de persoas responsables, dignas de confianza, con capacidade de decisión sobre o que compete ás nosas existenciais e respectuosas coa vida en xeral.

Señor Ministro: non somos escravas da Antigüidade, nin servas da súa gleba. O noso corpo non é un campo de cultivo de nenos para a Patria. Negámoslle a lexitimidade ética, e polo tanto política, para legislar contra a metade da poboación e non lle recoñecemos potestade ningunha para atacar e recortar os dereitos das mulleres que tanta loita e tanto sacrificio custou conquistar.